Concello de Outes

FRANCISCO CALO ABELLEIRA (1 para 1)
Alcalde-Presidente
Data de Sinatura: 26/05/2026
HASH: c333dba8ba227a4c32ed8a43a4899f6a

Expediente 88/2026
Procedemento: Procedemento de renovación, novo ingreso, admisión e matrícula de persoas usuarias da Escola Infantil Municipal (EIM) do Concello de Outes para o curso 2026/2027

ANUNCIO:

PRAZOS EXTRAORDINARIOS SOLICITUDES NOVO INGRESO EIM OUTES CURSO 2026/2027

PRIMEIRO.- Rematado o prazo ordinario de solicitudes de novo ingreso na Escola Infantil Municipal do concello de Outes para o curso 2026/2027, as prazas libres na EIM son:

- Aula 0-1: 1 prazas - xornada completa
- Aula 1-2: 0 prazas - xornada completa
- Aula 2-3: 3 prazas – xornada completa

SEGUNDO. Atendendo ao establecido no apartado 2.5 do procedemento de renovación, novo ingreso, admisión e matrícula de persoas usuarias da EIM do Concello de Outes para o curso 2026/2027 publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 32 de data 18 de febreiro de 2026 :

"*Unha vez rematado o prazo de admisión de solicitudes de novo ingreso aceptaranse solicitudes con posterioridade a dito prazo, sempre e cando os/as menores para os que se solicita a praza poidan incorporarse á EIM antes do 30 de marzo de 2027 e cumpran os seguintes requisitos:*
1. Nacemento, acollemento ou adopción da crianza con posterioridade ao prazo ordinario de presentación de solicitudes.
2. Cambio de concello ou de residencia de traballo da unidade familiar con posterioridade ao prazo ordinario de presentación de solicitudes.
3. Excepcionalmente, outras circunstancias que motivadamente aprecie o equipo de baremación.
Estas solicitudes deberán ir acompañadas da documentación acreditativa da circunstancia que motiva a súa presentación pasado o prazo ordinario.
As instancias do proceso extraordinario atenderanse tendo en conta os seguinte prazos:
- As solicitudes presentadas dende o 16 de maio ata o 31 de agosto de 2026 serán baremadas e tramitadas pola Comisión de Valoración no mes de setembro.
- As solicitudes presentadas dende o 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2026 serán baremadas e tramitadas pola Comisión de Valoración no mes de xaneiro.
En caso de existir lista de agarda, os solicitantes do proceso extraordinario serán incorporados á mesma atendendo á puntuación acadada logo de aplicar o baremo. A listaxe resultante publicarase por Resolución de Alcaldía no taboleiro de anuncios da páxina web do concello.
As solicitudes presentadas con posterioridade ao 31 de decembro serán incorporadas á listaxe de agarda por rigorosa orde de presentación."

Outes, na data que figura á marxe

O Alcalde

Francisco Calo Abelleira

Cod. Validación: 5LXWY7RLNX63GNPHAG62HKX5Y
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1